



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 25/01//2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do vintecinco de xaneiro de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro

Ausentes:

D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Ramón Santos Vázquez
D. José Manuel Pérez Trillo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

Interventora: D.^a. Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións ordinaria do 30 de novembro, extraordinaria do 26 de decembro e extraordinaria e urxente do 31 de decembro de 2013.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 30 de novembro, extraordinaria do 26 de decembro e extraordinaria e urxente do 31 de decembro de 2013 ao non formularse observacións.

2. Acordo, que proceda, a partires dunha moción presentada polo grupo municipal do BNG contra a reforma da Lei do aborto.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade de data 21 de xaneiro de 2014, que se transcribe literalmente:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do BNG e dúas abstencións do PSOE e IxV, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

1) Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

2) Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

3) Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galiza.

4) Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados em prácticas sexuais de risco.

5) O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromper voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei."

O alcalde explica que se trata de recoller un sentir social contra a reforma do ministro Gallardón, que nos leva a tempos pretéritos nos que as mulleres tiñan que acudir fóra do país e non quere que iso volva acontecer. Considera que existe unha normativa cun consenso social importante e non hai porque remover esas cousas.

O Sr. Miñones Riveiro coincide co alcalde en que a lei do ano 2010, aínda que era mellorable, non xeraba tensión social, dende logo non a que está xerando o Sr. Gallardón, ao que lle chamaría "Gallardón Le Pen". Considera que ese anteproxecto de lei vulnera totalmente os dereitos das mulleres a decidir, por iso van apoiar esta proposta.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

3. Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 01/2014.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Contas, Orzamentos e Asuntos Económicos de data 21 de xaneiro de 2014, que se transcribe literalmente:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Facenda e Contas, pos dous votos a favor do BNG e tres abstencións do PSOE, IxV e PP e ningún voto en contra, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente nº 1/2014 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe íntegro de 117.870,84 € a favor dos terceiros que figuran na relación anexa



Concello de Vimianzo

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

Registro	Data	CIF	Titular	Descrición	Importe
1768/2013	12/11/2013	33270513R	TRILLO MONTERROSO FRANCISCO	fra nº.11113 polo recoñecemento terreo monte Milleira e confección de plano Monte Gorreis	3.993,00
1779/2013	15/11/2013	A15379803	SOGAMA, SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	fra nº.2013/2935 polo tratamento de RU na planta de Santa Comba, mes outubro/13	15.420,14
1844/2013	28/11/2013	B15081847	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	fra nº.serie NOV-13 nº.4 polo transporte e pichi para arranxo de fochas das vías	1.272,39
1874/2013	04/12/2013	B15081847	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	fra serie DIC-13 nº.1 obra Transporte pichi para arranxo fochas pistas	1.100,19
1875/2013	04/12/2013	B70047725	PRODUCTOS QUIMICOS BERGAN- TIÑOS, S.L.	fra nº.A/1308125 de produtos para o tratamento do servizo de augas de consumo	4.953,74
1879/2013	04/12/2013	76351941Z	ANTELO RAMOS OVIDIO	fra nº.2112013 pola preparación de camiño en Bamiro	820,38
1887/2013	05/12/2013	A15051089	KILOVATIO GALICIA SAU	fra. 1131101692 de material eléctrico	2.621,97
1899/2013	05/12/2013	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	fra. 1311002 material para o GRUMIR	1.133,58
1901/2013	05/12/2013	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	fra. 1311004 material para o alumeadopúblico	1.074,04
1905/2013	09/12/2013	76338350Q	AMEJEIRAS GANDARA JOSE	fra. 369-13 traballos mantemento en vehículo 9163DPG	450,31
1916/2013	10/12/2013	B15816911	HORMIGONES Y MORTEROS BORNEIRO,S.L.	fra. 7109 formigón para obras municipais	2.174,37
1917/2013	10/12/2013	76340632K	RIVAS NEGREIRA VICENTE	fra. 2013017N proxecto mellora vías rurais parroq. Calo, Berdoias e Salto	1.344,54
1919/2013	10/12/2013	A28217735	EUROCONSULT,S.A.	fra. VFA1311/01-0230 análise vías rurais na parroq. Baiñas e Salto	310,21
1926/2013	12/12/2013	79327152Z	LLAMAS FERREIRO CIRIACO	FRA. 10/2013 traballos limpeza cunetas pistas de Salto e Torelo	1.573,00
1929/2013	12/12/2013	B15467962	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, SL	fra. 0102-1300557 recollida de electrodomésticos mes novembro-13	463,80
1941/2013	13/12/2013	A15379803	SOGAMA, SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	fra. 2013/3173 tratamento residuos urbanos mes novembro-2013	12.596,64
1942/2013	12/12/2013	A79707345	SOLRED, S.A.	fra. A/2013/1545385 de combustible para vehículos municipais novembro-2013	6.182,46
1945/2013	13/12/2013	76518338Y	REY CERNADAS DOMINGO	fra. 00413 traballos mantemento en vehículo 0512BGC	206,40
1946/2013	13/12/2013	76518338Y	REY CERNADAS DOMINGO	fra. 00412 traballos mantemento en vehículo C7881CD	60,50
1947/2013	13/12/2013	76348307Z	MIRANDA PAZOS ANTONIO	fra. 874 materiais para o GRUMIR	697,35
1948/2013	13/12/2013	76348307Z	MIRANDA PAZOS ANTONIO	fra. 873 materiais para o GRUMIR	332,10
1950/2013	13/12/2013	76348307Z	MIRANDA PAZOS ANTONIO	fra. 875 materiais para os xardíns municipais	259,20
1954/2013	13/12/2013	J15852916	J CARBALLO, S.C.	fra. RE13057 material para vehículos municipais	532,39
1956/2013	13/12/2013	B15353535	PEREZ REY, S.L.	fra. V1350645 material para o servizo municipal de augas	351,21
1957/2013	13/12/2013	B15353535	PEREZ REY, S.L.	fra. V1350646 materiais para arranxo de vías municipais	6.800,88
1961/2013	17/12/2013	32826960A	GARCIA SOUTO MARIA ANGELES	FRA. f12/130 Material repostos para vehiculos e maq protección civil	69,76
1962/2013	17/12/2013	32826960A	GARCIA SOUTO MARIA ANGELES	fra. F12/128 Recambios para mantemento maquinaria serv.xardíns	202,42
1969/2013	19/12/2013	52433205J	ROJO FONDO JOSE	fra. 57-13 Mantemento vehículo pckup de protección civil	297,10
1970/2013	19/12/2013	52433205J	ROJO FONDO JOSE	fra. 58-13 arranxo maquinaria servizo de augas	211,26
1971/2013	19/12/2013	79325306P	OREIRO ANGÜES MANUEL	FRA. 13119 Arranxos vehículo policía local renault scenic 3159GSJ	136,56
1972/2013	19/12/2013	79325306P	OREIRO ANGÜES MANUEL	fra. 13054 Arranxos vehículo policía local 4088FSR	70,41
1973/2013	19/12/2013	79325306P	OREIRO ANGÜES MANUEL	fra. 13072 Arranxos vehículo policía local 4088FSR	51,79

Registro	Data Entrada	CIF	Titular	Descripción	Importe
1974/2013	19/12/2013	79325306P	OREIRO ANGÜES MANUEL	fra. 13100 mantemento vehículo policia local 3159GSJ	94,62
1976/2013	20/12/2013	A15899966	ALFA INSTANT SA	fra. 1028/13 Control calidade obra Mell.entorno casa da cultura	675,60
1983/2013	23/12/2013	B15604937	COMERCIAL BENEDICTO, S.L.	AGRICOLA fra. A/364 Subministro de penso para os cans recollidos	12,50
1984/2013	23/12/2013	B15604937	COMERCIAL BENEDICTO, S.L.	AGRICOLA fra. A/338 Submin.de penso para os cans recollidos da rua	12,50
1995/2013	30/12/2013	76297818X	CERNADAS RODRIGUEZ ARTURO	fra. 1300116 Materiais para os servizos do protección civil	122,38
1998/2013	30/12/2013	79315158A	SANTOS MIRANDA JOSE LUIS	fra. 20 Traballos muro contención pista de Treos	290,40
1999/2013	30/12/2013	76317840E	VIDAL CAAMAÑO SANTIAGO	fra. 66/2013 Arrranxo bomba sumerxible caprarí	708,76
2000/2013	30/12/2013	76317840E	VIDAL CAAMAÑO SANTIAGO	fra. 70/2013 Arrranxo bomba sumerxiblede 2,32 KW	1.182,46
2006/2013	30/12/2013	76297818X	CERNADAS RODRIGUEZ ARTURO	fra. 1300108 Materiais para pintado rua en Pasarela	1.367,87
2034/2013	30/12/2013	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA. 201300507 Materiais para o persoaldo servizo de augas	49,20
2035/2013	30/12/2013	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA. 201300508 Materiais para o servizomunpal de xardins	24,77
2036/2013	30/12/2013	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA. 201300506 Materiais para os servizos de protec.civil-GRUMIR	29,81
2037/2013	30/12/2013	32809380H	CASTRO TAJES Mª DOLORES	130000071 Aluguer maquinaria para protección civil	726,00
2038/2013	30/12/2013	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA. 201300509 Materiais para os servizos eléctricos	128,02
2043/2013	31/12/2013	32434229C	GANDARA MARTINEZ ANTONIO	fra. 26 Mantemento vehículos da policia local	60,01
4/2014	02/01/2014	B70044714	ARQUESTUDIO SL	fra. 16/13 proxecto de control arqueolóxico dos traballos reparación na estrada	484,00
5/2014	02/01/2014	B12019659	BAYGAR, S.L.	fra. 13007888V de espellos para vías municipais	1.755,71
7/2014	02/01/2014	B70044725	PRODUCTOS QUIMICOS BERGAN-TIÑOS, S.L.	fra. A/1308696 de produtos para o servizo municipal de augas	6.269,08
19/2014	07/01/2014	76348406K	GANDARA ANTELO FRANCISCO	fra. 1000691 traballos arranxo en tractor municipal	2.078,22
20/2014	07/01/2014	B15566383	SUELNOR, S.L.	fra. E2044 material para alumeados públicos	188,18
21/2014	07/01/2014	B15832405	SIAVI, S.L.	fra. 2933 servizo recollida residuos en Baiñas, Cures a Montefaro, casa do Prado	2.673,00
22/2014	07/01/2014	B15832405	SIAVI, S.L.	fra. 2934 servizo recollida de residuos en colexio S.Vicenzo-Vimianzo	1.875,85
25/2014	07/01/2014	76321759P	FERNANDEZ LORENZO BRAULIO	fra. 91 de 2 rampas reforzadas	677,60
28/2014	07/01/2014	76321759P	FERNANDEZ LORENZO BRAULIO	fra. 110 porta para depósito de auga en Montetorán	338,80
41/2014	07/01/2014	B15604937	COMERCIAL BENEDICTO, S.L.	AGRICOLA fra. A/395 penso para cans abandonados	12,50
42/2014	07/01/2014	79331573L	CALZAS INSUA DAVID	fra. 1320132 de aluguer maquinaria para o GRUMIR	333,36
44/2014	07/01/2014	B15816911	HORMIGONES Y MORTEROS BORNEIRO,S.L.	fra. 7155 de formigón para obras en Baiñas, Reboredo e Reparada	3.311,77
46/2014	07/01/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	fra. 1311110 de materiais para a EDAR de Vimianzo	52,85
47/2014	07/01/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	fra. 1311103 de material para o servizo municipal de augas	87,34
48/2014	07/01/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	fra. 1311106 de material para o alumeado público	348,55
49/2014	07/01/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	fra. 1311104 de material para o GRUMIR	354,88
53/2014	07/01/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	fra. 1311105 de material para os servizos municipais	39,91
56/2014	08/01/2014	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	fra. S13/142058 suscripción xornal "La Voz de Galicia" ano 2014	349,00
59/2014	08/01/2014	76351941Z	ANTELO RAMOS OVIDIO	fra. 01/12/2013 de traballos arranxo avaría auga en Rabós e monte Cabral	660,66
73/2014	10/01/2014	32813272T	MOUZO SOTO JOSE MANUEL	fra. 1300007 limpeza e mantemento campo de fútbol de Vimianzo decembro-2013	605,00
74/2014	10/01/2014	B15896830	CONSTRUCCIONES PAZ LEMA SL	fra. 2014001 traballos limpeza árboles na Piroga con plataforma JLG800-AJ	656,30



Concello de Vimianzo

Registro	Data	CIF	Titular	Descrición	Importe
75/2014	10/01/2014	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL, SA.	fra. 159913000002201 ITV vehiculos 3159GSJ y C4659BN	94,21
76/2014	10/01/2014	A79707345	SOLRED, S.A.	fra. A/2013/0001690657 combustible vehiculos municipais mes decembro-2013	4.517,18
103/2014	14/01/2014	76359827B	MENDEZ PEREZ MATILDE	fra. 124/2013 traballos mantemento en vehículo C2697CG	1.518,57
105/2014	15/01/2014	A15379803	SOGAMA, SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	fra. 2013/3443 tratamento residuos urbanos mes decembro-2013	13.098,48
108/2014	16/01/2014	B15467962	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, SL	fra nº.0102-1300615 pola recollida selectiva electrodomésticos e voluminosos	395,60
110/2014	16/01/2014	B15626716	MONCHO ANDRADE, S.L.	fra nº.1 pola lectura aleatoria de contadores de auga en todo o concello	544,50
115/2014	17/01/2014	76368944C	PEREIRA CASTIÑEIRA JOSE MANUEL	fra. 13127 de varanda canle muíño da agra	1.300,75
TOTAL					117.870,84

O alcalde explica que no primeiro pleno do exercicio sempre tratan de recoller aqueles gastos que quedaron fóra do orzamento, non porque non haxa cartos – aclara que nestes momentos o concello conta cunha liquidez tremenda e iso sábeno os emprendedores, pois en Vimianzo cóbrase en trinta días ou menos – pero a xestión do orzamento ten este tipo de decisións. Non é un caso excepcional o de Vimianzo e de feito moitos concellos fan o mesmo. Sinala que a primeira factura é a do perito sobre os traballos feitos nos montes Milleira e Gorreis, asumindo o compromiso cos veciños.

O Sr. Miñones sinala que, aínda que non estivo presente nas contratacións, o 90% das facturas – quitando Sogama – son empresas de Vimianzo e por suposto quere que cobren. Gustaríalle que haxa maior previsión a próxima vez.

O alcalde está dacordo co dito polo concelleiro socialista, e anuncia que están elaborando un orzamento para que non se repitan estes casos e se poda facer fronte a tódolos gastos.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

4. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24, reguladora da taxa da prestación dos servizos público municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor e lavandería sobre rodas

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Contas, Orzamentos e Asuntos Económicos de data 21 de xaneiro de 2014, que se transcribe literalmente:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Facenda e Contas, pos tres votos a favor do BNG e PSOE e dúas abstencións de IxV e PP e ningún voto en contra, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

"7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

Ingresos (Renda per cápita)	Cota por usuario a xornada completa	Cota por transporte 2 Viaxes (€)
<i>Menores ou iguais á PNC</i>	<i>0,50 x SMI</i>	<i>39,30</i>
<i>Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI</i>	<i>0,70 x SMI</i>	<i>39,30</i>
<i>Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI</i>	<i>0,90 x SMI</i>	<i>39,30</i>
<i>Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI</i>	<i>1,00 x SMI</i>	<i>39,30</i>
<i>Maiores ao triplo do SMI</i>	<i>1,50 x SMI</i>	<i>39,30</i>

(...Resto do artigo permanece igual...)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
<i>Menores ou iguais á PNC</i>	<i>1,19</i>	<i>0,36</i>
<i>Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI</i>	<i>2,37</i>	<i>0,59</i>
<i>Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI</i>	<i>3,59</i>	<i>0,73</i>
<i>Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI</i>	<i>4,75</i>	<i>0,95</i>
<i>Maiores ao triplo do SMI</i>	<i>5,96</i>	<i>1,19</i>

A estos prezos hai que engadirlle un custo de 1,78 € por día para o transporte se éste fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006."

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 24 no Boletín Oficial da Provincia."



Concello de Vimianzo

O alcalde explica que se trata dun contrato adxudicado polo goberno anterior á empresa que xestiona os servizos indicados. O aumento do IPC anual, previsto no contrato, require acordo expreso do pleno.

O Sr. Miñones Riveiro indica que efectivamente se trata dun contrato asinado polo goberno anterior, e o incremento está previsto no mesmo, polo tanto vai votar a favor.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

5. Aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2013 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor e lavandería sobre rodas

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda, Contas, Orzamentos e Asuntos Económicos de data 21 de xaneiro de 2014, que se transcribe literalmente:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Facenda e Contas, pos tres votos a favor do BNG e PSOE e dúas abstencións de IxV e PP e ningún voto en contra, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2013, que supón un custo total de 364.206,52 euros, quedando pendente de pagamento 35.734,36 euros.

Segundo.- Para este exercicio 2014 e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio os pagos a conta serán de 327.785,87 euros, repartidos co seguinte detalle:

- xaneiro (xa está abonado) : 27.290,43 euros*
- meses de febreiro a novembro: 27.317,77 euros*
- decembro: 27.317,74 euros*

Terceiro.- Que se proceda ó pagamento da contía pendente, que ascende á dezaseis mil setecentos vinte e dous euros e corenta e cinco céntimos (16.722,45 euros), unha vez deducido o canon, á empresa adxudicataria deste servizos Grupo Reacteda, S.L.

Cuarto: Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 19.049,93 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2014.

Quinto: Modificar a cláusula sexta do contrato administrativo de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas, no relativo os prezos de servizo e praza, que para o exercicio 2014 serán os seguintes:

- Vivenda Comunitaria: 1.518,97 euros/mes.*
- Escola Infantil: 437,86 euros/mes.*
- Comedor sobre rodas: 9,25 euros/menú.*
- Lavandería sobre rodas: 3,87 euros/lavado.*
- Centro de día: 645,46 euros/mes"*

O alcalde explica que o que se fai coa empresa concesionaria son entregas a conta mensualmente, e a final de ano faise a liquidación. O custe destes servizos supón 364.000 euros para o concello. Sinala que coa reforma da normativa local que entrou en vigor o 30 de decembro de 2013 se abre toda unha serie de incertidumes sobre os servizos sociais, pois a intención é que

xestionen as CC.AA. en lugar dos concellos. A lei obriga a solicitar uns informes para continuar prestando eses servizos, e polo tanto vanse solicitar, ademáis dos recursos correspondentes. Sinala que a escola infantil está sufragada íntegramente con fondos municipais, pois a Xunta hai dous anos que non da un patacón.

O Sr. Miñones Riveiro agarda que podan seguir prestándose eses servizos e van apoiar.

O Sr. Mancebo Amigo entende que a ausencia de grande parte da oposición na sesión de hoxe ven motivada porque os números son moi duros, a pesares das críticas que reciben por teren o orzamento prorrogado. Sinala que o concello adica máis de 600.000 euros ao ano en servizos sociais, o cal é posible grazas a un esforzo de contención de gasto. Todo isto demostra que o presuposto do exercicio 2012 non era un mal documento, e de feito o grao de execución é moi alto. Considera que a xestión dos recursos é moi eficiente, e a proba é que os provedores cobran sempre a menos de 40 días. O concello ten liquidez para atender todos os gastos, e incluso no 2013 anticiparon máis de 30.000 euros en débeda, a pesares de que non se puído empregar o remanente para incrementar o orzamento porque a oposición non llo permitiu. Indica que os gastos de Sogama superou os 180.000 euros, máis do que se cobra aos veciños por este servizo.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

6. Comunicados oficiais.

Pola secretaria dase conta dos seguintes anuncios:

- Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal núm. 27, reguladora do prezo público do servizo de axuda no fogar do Concello de Vimianzo, publicado no BOP nº 236 do 12 de decembro de 2013.
- Anuncio de aprobación definitiva da modificación das bases de execución do Orzamento do ano 2012 prorrogado para o 2013, publicado no BOP nº 247 do 30 de decembro de 2013.

A petición do Sr. Miñones Riveiro, a secretaria da conta do escrito presentado o 25 de xaneiro de 2014 (RE 564), que se transcribe literalmente:

"Don José Antonio Miñones Riveiro, con D.N.U. 76.363.039-A, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE na Corporación de Vimianzo,

EXPOÑO:

Que a Comisión Ejecutiva Federal do Partido Socialista Obrero Español (PSOE) resolveu, o 24 de xaneiro de 2014, expulsar provisionalmente aos militantes D. José Manuel Rodríguez Blanco e D.ª Montserrat Vázquez Miñones, concelleiros desta Corporación municipal.

Achego copia da resolución adoptada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

SOLICITO:

Que por parte do Alcalde-Secretaría municipal se teña por presentado este escrito aos efectos do disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local."



Concello de Vimianzo

O Pleno dase por enterado.

O alcalde agarde que con isto rematen por fin as polémicas respecto da condición de tráfugas dos ex concelleiros do Partido socialista, sobre todo no que afecta á asistencia ás comisións.

7. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 30 de novembro de 2013, dende a resolución núm. 1.131, do 27/11/2013 ata a resolución núm. 63, do 20/01/2014. O listado únese a esta acta como anexo I.

~~Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria.~~

O Pleno da Corporación dáse por informado.

8. Mocións.

Non hai mocións.

9. Rogos e preguntas.

O Sr. Miñones Riveiro sinala que ten dous rogos e unha pregunta.

Comeza facendo un rogo respecto á falta de contenedores amarelos e de cartón polas aldeas.

O segundo rogo refírese á propaganda, sobre todo electoral, que ensucia marquesinas e contenedores. Pide que se elabore unha ordenanza de limpeza para solventar este problema.

Pregunta se o polígono conta con tódolos servizos e se hai algunha empresa máis interesada en instalarse.

O alcalde agradece os rogos e preguntas plantexadas. Comeza respondendo aos rogos. Explica que ven de encargarlle ao servizo de urbanismo que faga un informe sobre o estado da recollida, xestión e tratamento de residuos. O concello ten múltiples contratos, aparte do incremento do canon de Sogama. Indica que temos vidro, cartón, pilas, residuos agrícolas, etc. e cada un lévao unha empresa distinta e deben buscarse fórmulas para aforrar custos. Sinala que existe unha iniciativa conxunta con Zas, Camariñas e Muxía, e a Xunta comprometeuse a elaborar un estudo para ver como podían facer. Hai máis dun ano que lle remitiron os datos económicos e díxeronlle que estes días ían obter unha resposta. Están preocupados por este tema e a cidadanía debe concienciarse sobre a reciclaxe. Explica que o concello ten unha parcela no polígono que pode ser interesante destinar ao tema da xestión de residuos.

Respecto do tema da limpeza, sinala que é unha preocupación do goberno elaborar esta ordenanza, pero ás veces o urxente impide abordar o importante, e a situación de urxencia nas que se viu o concello nos últimos tempos imposibilitou dar solución a estes temas.

Respecto da pregunta sobre o polígono, hai unha nave construída, agardando que o sistema financeiro desatasque o problema e poda continuar; hai outra en construción e outras dúas que en breve prazo pedirán licenza para instalarse. Non están satisfeitos coa forma en que SEA está levando as ventas. Afirma que hai unha demanda de solo, e nota que non se trata a tódolos polígonos por igual: hai polígonos preferidos, e outros como Vimianzo nos que o concello pide unha actuación conxunta con SEA e non se di nada.

O Sr. Mancebo Amigo pide que se dea lectura ao informe da Policía local sobre o camiño de Reboredo, en vista das informacións aparecidas recentemente na prensa.

O alcalde sinala que é un informe de setembro de 2011, con RE 7345 momento no cal gobernaba o BNG e o PSOE, sendo concelleiro de obras o Sr. Rodríguez Blanco. Procede á lectura do mesmo:

"Quen suscribe, Oficial da Policía Local con t.a.p. Nº 38003, deste Concello

Informa: Que sendo as 12:00 horas de data 26/09/2011, cando o axente que suscribe se atopa prestando servizo ordinario nas inmediacións do Concello, recibe unha chamada telefónica do Sr. concelleiro de obras, na cal manifesta que con motivo de queixas veciñais recibidas, por mor dunhas obras que se están levando a cabo no lugar de Reboredo (das cales aporta solicitude de licenza a nome de D. José Rama González, e plano de situación), se proceda por parte da policía local, a realizar as pescudas necesarias co fin de saber que tipo de obras se van a realizar, situación, datos relativos a licenza municipal e zona sobre o cal se pretende executar as obras, así como o responsable das mesmas.

Con motivo do exposto, sendo as 15:30 horas da mesma data, presentado no lugar de Reboredo, parroquia de Salto deste concello, concretamente nas inmediacións da vivenda identificada co núm. 19, púidose comprobar que nese intre non se atopaba ninguén traballando, non obstante, apreciase a simple vista o comezo dunhas obras, aparentemente relativas a posible reparación dun camiño de acceso a vivenda, así como futura construción dun tramo de muro de contención o carón de dito camiño.

Seguidamente, procedeuse a chamar na vivenda da persoa que figura como responsable das obras, sendo atendido por quen manifesta ser D.^a María Isabel Lavandeira Regueira (esposa do solicitante da licenza), a quen se lle preguntou sobre a obra e demais detalles da mesma.

Preguntado si teñen licenza municipal para levar a cabo as obras, esta manifesta que xa estivo o seu marido nas oficinas municipais facendo a solicitude, e que contan con que lla dean estes días, tal e como foi informado no Concello.

Preguntado que tipo de obras teñen pensado facer, esta manifesta que solicitaron permiso para levantar o tramo de muro de formigón que lles falta a continuación do xa existente, e que teñen pensado poñer unha capa de formigón dende a entrada do camiño ata o nivel da súa vivenda.

Preguntado se o camiño onde vai a executar as obras é privado ou público, esta manifesta de xeito dubidoso que lle parece que deles, é dicir, que é privado, dado que xa o pecharon con un portal metálico, polo sitio onde antes existía unha entrada de acceso libre, finalmente ratifica que o camiño é privado, que é da súa propiedade.



Concello de Vimianzo

Preguntado canto tempo fai que pecharon o acceso co portal actualmente existente, esta manifesta que debe de facer un ano, ou o mellor dous.



Preguntado, se ten algo máis que dicir sobre o tema, este manifesta que non, que xa dixo o que pretendía facer, nada máis.

Seguidamente, procedeuse a facer a reportaxe fotográfica que se achega, onde se pode observar o estado actual das obras, así como a situación do portal sinalado.

Finalmente, foi informada por parte do axente actuante, que no caso de ter novidades ó respecto inpección levada a cabo, ía ser informada a maior brevidade."

Polo tanto, o portal instalouse dous anos antes da toma de posesión do alcalde, pero en calquera caso van defender o público, e nese sentido solicitaron información ao respecto a Concentración Parcelaria, ao Arquivo Histórico, etc. Non lles vai temblar a man á hora de defender o dominio público, pero non quere meterse en guerras con veciños. Espera que con esta información se dea por zaxada certas polémicas que en nada axudan a defender o dominio público, só a encher páxinas de xornais. Nos vindeiros meses, de ser o caso, traerase o expediente ao pleno para adoptar o acordo pertinente.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e corenta minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vintecinco de xaneiro de dous mil catorce.



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descrición	Órgano de Goberno
22/10/2013	1131	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
22/10/2013	1132	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
22/10/2013	1133	Adjudicación do contrato menor para a prestación do servizo para o tratamento de desratización.	10 ALCALDIA
22/10/2013	1134	Declaración do servizo de protección civil como servizo esencial aos efectos do disposto na Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.	10 ALCALDIA
22/10/2013	1135	Declaración do servizo de orientación laboral como servizo esencial aos efectos do disposto na Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.	10 ALCALDIA
22/10/2013	1136	Resolución do recurso de reposición interposto contra a Providencia da Alcaldía de data 16 de setembro de 2013	10 ALCALDIA
23/10/2013	1137	AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL.	10 ALCALDIA
23/10/2013	1138	Baixa no servizo de axuda no fogar municipal.	10 ALCALDIA
23/10/2013	1139	ACORDO DE ORDENACIÓN DO PAGO DA FACTURA 160/2010 DE IMPORTE 689,10 EMITIDA POR PRODUCCIÓN TEATRAIS TALÍA S.L. QUE FORMA PARTE DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL N° 2/2013.	10 ALCALDIA
23/10/2013	1140	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1141	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1142	Solicitude de utilización do ximnasio por Pablo Antelo Santos.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1143	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1144	Solicitude de utilización do ximnasio por Juan Carlos Campaña Caamaño.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1145	Solicitude de utilización do ximnasio por Eva Maria Calvo Vazquez.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1146	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1147	Solicitude de utilización do ximnasio por Fabio Lema Canela.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1148	Solicitude de utilización do ximnasio por Jesus Perez Pardo.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1149	Baixa no servizo de axuda no fogar municipal (SAF).	10 ALCALDIA
24/10/2013	1150	Renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	10 ALCALDIA




LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
24/10/2013	1151	Admisión no servizo de escola infantil municipal no curso 2013-2014.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1152	Admisión no servizo de escola infantil municipal no curso 2013-2014.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1153	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1154	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1155	Servizo municipal de escola infantil (alta no servizo complementario de comedor).	10 ALCALDIA
24/10/2013	1156	Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093B501031780001KL promovida pola Consellería de Facenda.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1157	Calificación urbanística da finca con referencia catastral 002201300MH97D0001PB promovida pola Consellería de Facenda.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1158	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1159	Servizo de escola infantil municipal (cambio de horario).	10 ALCALDIA
24/10/2013	1160	Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093B501021300000JA promovida por Consellería de Facenda.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1161	Servizo de escola infantil municipal (cambio de horario).	10 ALCALDIA
24/10/2013	1162	Servizo de escola infantil municipal (cambio de horario).	10 ALCALDIA
24/10/2013	1163	Servizo municipal de escola infantil municipal (inclusión na lista de espera).	10 ALCALDIA
24/10/2013	1164	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
24/10/2013	1165	Aprobación das bases de preselección de seis traballadores/as desempregados/as para a brigada de protección civil ao abeiro da Orde de 3 de maio de 2013 (DOG nº 88 do 08/05/2013).	10 ALCALDIA
24/10/2013	1166	Calificación urbanística da finca con referencia catastral 7329001MH9772N0001IM promovida pola Consellería de Facenda.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1167	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1168	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS


Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
25/10/2013	1169	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1170	Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093A0033001940000QQ promovida pola Consellería de Facenda.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1171	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1172	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1173	Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1174	Solicitude de informe sobre existencia de normativa municipal específica para plantación de arbustos ou árbores baixos promovido por D.ª Mercedes Oreiro Pazos.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1175	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO EXPEDIENTE TC/11/2013.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1176	Servizo municipal de Escola Infantil (baixa de oficina da praza na EIM).	10 ALCALDIA
25/10/2013	1177	Requirimento para que proceda á limpeza da finca que se atopa a carón da vivenda núm. 15 do lugar da Casiña, parroquia de Carnés.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1178	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1179	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1180	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1181	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1182	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1183	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1184	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1185	Calificación urbanística da finca 408 polígono 501 promovida por D. Juan Bautista Paz Torrado.	10 ALCALDIA
25/10/2013	1186	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1187	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1188	Autorización de uso de local municipal.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1189	Calificación urbanística da finca núm. 1081 do polígono 501 promovida por D.ª Catuska Romero Ruíz.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1190	Reclamación contra o ICIO en relación ó expediente de licenza de obra núm. 2012/U009/000081 promovido por D. José Alfredo Suárez.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1191	Reclamación contra ICIO e taxa urbanística en relación ó expediente de licenza de obra núm. 2013/U009/000024 promovido por Comunidade de Montes Veciñais en Man Común	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Órgano de Gobierno


Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
		de Montecelos.	
28/10/2013	1192	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1193	Recusación do Tenente de Alcalde no expediente de revisión de oficio da licenza de actividade RAMINP 12/07.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1194	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1195	Solicitud de baixa no padrón da taxa pola recollida do lixo dun local promovido por D. Maximino Manuel Aguiar Baña.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1196	Adxudicación do contrato menor para a prestación do servizo de control analítico de augas da ETAP e EDAR.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1197	Levantamento do reparo suspensivo interposto pola intervención no informe de data 28/09/2013 respecto da proposta de contratación de D.ª María Redonda Bujeiro como técnica de orientación laboral.	10 ALCALDIA
28/10/2013	1198	Contratación de D.ª María Redonda Bujeiro como orientadora laboral.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1199	Nomina salarios persoal do mes de outubro 2013.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1200	Contratación dos traballadores-alumnos do Obradoiro de Emprego Terra de Soneira 2013-2014, da especialidade de confección e publicación de páxinas web..	10 ALCALDIA
29/10/2013	1201	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1202	Solicitud de autorización de instalación municipal, solicitada polo clube de fútbol S.D. Castrelo.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1203	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1204	Baixas de cambio de municipio do ficheiro H15092IA.813.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1205	Contratación dos traballadores-alumnos do Obradoiro de Emprego Terra de Soneira 2013-2014, da especialidade de interpretación e educación ambiental..	10 ALCALDIA
29/10/2013	1206	Contratación do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego Terra de Soneira 2013-2014..	10 ALCALDIA
29/10/2013	1207	Autorización á empresa AMARTYÁ SERVIZOS, S.L. para a subcontratación parcial da prestación do servizo de Escola de Teatro.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1208	Modificacións en inscricións de habitantes referentes a incidencia 135 do ficheiro H15092IA.813.	10 ALCALDIA
29/10/2013	1209	Modificacións en inscricións de habitantes referentes a	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS


Órgano de Gobierno

Data Dec.	Número	Descrición	Órgano de Gobierno
29/10/2013	1210	incidencia 140 do ficheiro H15092IA.813. Modificacións en inscricións de habitantes referentes a	10 ALCALDIA
30/10/2013	1211	incidencia 138 do ficheiro H15092IA.813. LIQUIDACIÓN DO P.E.S. O BARRIGOSO PERÍODO TERCER TRIMESTRE 2013.	10 ALCALDIA
30/10/2013	1212	Baixas de cambio de municipio do ficheiro H15092IA.913 e H15092IA.013.	10 ALCALDIA
30/10/2013	1213	RECOÑECEMENTO E ORDEACIÓN DE PAGO PROXECTO DO MAR A TERRA.	10 ALCALDIA
31/10/2013	1214	Adjudicación do contrato menor para a execución do proxecto de obra Rehabilitación do Muíño da Agra e Creación dun área recreativa no paseo fluvial de Vimianzo.	10 ALCALDIA
31/10/2013	1215	SOLIC PERMISO CELEBRACION IV FRIKIFESTA DIA 2 DE NOVEMBRO DE 2013.	10 ALCALDIA
04/11/2013	1216	RECIBO LIQUIDACION DE XUROS E AMORTIZACION DO PRESTAMO NUMERO 9544462560 SUSCRITO COA ENTIDADE BBVA POLO PERIODO DO 29-07-2013 A 28-10-2013..	10 ALCALDIA
04/11/2013	1217	APROBACION DE GASTO POR COTIZACIÓNS DE MUFACE E COTAS D E CLASES PASIVAS DO MES DE OUTUBRO/2013 DO ALCALDE DON MANUEL ANTELO PAZOS.	10 ALCALDIA
04/11/2013	1218	Alta por omision no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
